

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 01.02.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.04 h do 01.02.2018, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Non asistiu:

Juan José Franco Casal

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Iria Luisa Díaz Gavela

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 1495/2017 ao núm. 84/2018**

Os concelleiros danse por informados.

### **2. Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía de determinación dos dereitos de imposible ou difícil recadación, exercicio 2017.**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía, que foi ditaminada desfavorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 22.01.2018 por 3 votos a favor (2 BNG, 1 Grupo Mixto), 4 votos en contra (3 PP, 1 Somos Fene) e 1 abstención (PSOE):

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: DETERMINACION DOS DEREITOS DE IMPOSIBLE OU DIFICIL RECADACION EJERCICIO 2017.**

*Logo de ver o informe-proposta da Intervención municipal 23/2018 de 17 de xaneiro de 2018 dando cumprimento ao recollido na Base 68 das Bases de execución do Orzamento do exercicio 2015 prorrogadas para o exercicio 2017 en relación ao criterio de cálculo para a determinación dos dereitos de imposible ou difícil recadación do exercicio 2017 que literalmente transcrito di:*

#### **"INFORME- PROPOSTA DE INTERVENCIÓN 23/2018**

#### **ASUNTO.- PROPOSTA DE DETERMINACIÓN DOS DEREITOS DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACION EJERCICIO 2017**

#### **I.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

- Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo normal de contabilidade local.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2017, prorrogadas do exercicio 2015.

## **II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**1.-** As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento que será aprobada polo seu Presidente, previo informe da Intervención.

O artigo 191 do TRLRFL establece en relación á cuantificación do remanente líquido de tesourería que forma parte da liquidación do orzamento que "deberá realizarse teniendo en cuenta los posibles ingresos afectados y minorando de acuerdo con lo que reglamentariamente se establezca los derechos pendientes de cobro que se consideren de difícil o imposible recaudación."

**2.-** A Base 68 das Bases de execución do orzamento do exercicio 2015, prorrogadas para o exercicio 2017, establecen que "Os criterios para calcular os dereitos de cobro de dudosa ou imposible recadación serán determinados polo Pleno da Corporación a proposta da Intervención Xeral, e serán incluídos na resolución da aprobación da Liquidación do Orzamento"

**3.-** O artigo 193 bis do TRLRFL, introducido polo número Un do artigo segundo da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, recolle o seguinte en relación á determinación dos dereitos de difícil ou imposible de recadación:

"Las Entidades Locales deberán informar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y a su Pleno, u órgano equivalente, del resultado de la aplicación de los criterios determinantes de los derechos de difícil o imposible recaudación con los siguientes límites mínimos:

a) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los dos ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25 por ciento.

b) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del ejercicio tercero anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50 por ciento.

c) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los ejercicios cuarto a quinto anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 75 por ciento.

d) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100 por ciento."

**4.-** Do exame da contabilidade municipal poden extraerse os seguintes datos en relación aos dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2017:

<b>Exercicio</b>	<b>Importe dos dereitos pendentes de cobro a 31/12/2017</b>
2001	134,54
2002	1.472,48
2003	1.308,08
2004	1.131
2005	4.686,28
2006	1.332,74
2007	1.612,75
2008	364.839,74
2009	437,04
2010	2.362,56
2011	27.861,98
2012	10.851,04

2013	7.186,73
2014	24.271,98
2015	22.107,93
2016	44.720,45
<b>TOTAL</b>	<b>516.317,32</b>

Tendo en conta o exposto, e seguindo o criterio mantido en exercicios anteriores, emito a seguinte **PROPOSTA** ao Pleno

**PRIMEIRO.-** Aplicar para a cuantificación do importe dos dereitos que se consideran de difícil ou imposible recadación para o exercicio 2017 as porcentaxes mínimas recollidas no artigo 193.bis do TRLRFL, o que supón un total de **449.550,60 euros**; de conformidade co seguinte detalle:

Exercicio	Importe dos dereitos pendentes de cobro a 31/12/2017	Porcentaxe de minoración	Importe dos dereitos de difícil ou imposible recadación
2001	134,54	100	134,54
2002	1.472,48	100	1.472,48
2003	1.308,08	100	1.308,08
2004	1.131	100	1.131
2005	4.686,28	100	4.686,28
2006	1.332,74	100	1.332,74
2007	1.612,75	100	1.612,75
2008	364.839,74	100	364.839,74
2009	437,04	100	437,04
2010	2.362,56	100	2.362,56
2011	27.861,98	100	27.861,98
2012	10.851,04	75	8.138,28
2013	7.186,73	75	5.390,05
2014	24.271,98	50	12.135,99
2015	22.107,93	25	5.526,98
2016	44.720,45	25	11.180,11
<b>TOTAL</b>	<b>518.699,38</b>		<b>449.550,60</b>

Fene, 17 de xaneiro de 2018.  
A interventora  
Asdo: Iria Luisa Diaz Gavela"

Á vista do anteriormente exposto, esta alcaldía eleva ao Pleno a seguinte proposta de acordo:  
**PRIMEIRO:** Aplicar para a cuantificación do importe dos dereitos que se consideran de difícil ou imposible recadación para o exercicio 2017 as porcentaxes mínimas recollidas no artigo 193.bis do TRLRFL, o que sup`on un total de **449.550,60 euros.**"

Inicia o turno de intervencións o alcalde dicindo que a determinación dos dereitos de imposible ou difícil recadación faise para dar cumprimento ás Bases de Execución do Orzamento e o artigo 193 TRLRFL, que di como hai que calculalos a efectos do cálculo do remanente líquido de tesourería e liquidar o orzamento.

C.I.  
F:  
P-  
150  
360  
0-G

A continuación toma a palabra o voceiro do grupo do PP Gumersindo P. Galego Feal que anuncia que o seu grupo vai votar en contra, non por votar en contra dunha obriga legal, senón pola forma en que este asunto se levou á Comisión, xa que hai cantidades moi importantes e se debería dar unha explicación, como é respecto de ingresos de SEPES, de Viaqua, subvencións....

Considera que isto merece unha reunión ou explicación e, ante a falta de información, non poden votar a favor.

De seguido intervén o voceiro do grupo socialista que di que teñen dúbidas sobre os pendentes de cobro doutras administracións e non entende que, tal e como están as cousas, se vaia abandonar a vía de seguir intentando cobrar o que corresponde, e que polo tanto votarán en contra, xa que non poden estar de acordo coa renuncia ao cobro da venda de terreos ao SEPES, xa que, se non se pode chegar a un acordo, hai que liquidalos, hai que defender a posición do Concello. En canto a Viaqua, que demandou ao concello por moitos miles de euros, hai que manter vivos todos os dereitos de cobro.

O voceiro de Somos Fene anuncia que votarán en contra da Proposta.

O alcalde toma a palabra para dicir que cre que pode haber un mal entendido. Explica que non se están deixando estes cobros, que non quere dicir que se renuncie a cobrar nada. Afirma que lle chama a atención que, sendo máis de 400.000 euros de anos anteriores, concretamente un asunto do SEPES do ano 2008, parece que todos os gobernos que pasaron ata o de agora non sabían o que estaban a facer. Asegura que o mesmo asunto preséntase no Pleno todos os anos, como parte da liquidación dos orzamentos. Informa que non se renuncia ao cobro, senón que se fai co obxectivo de calcular o remanente líquido de tesourería para a liquidación do orzamento, e que é un procedemento de obrigatorio cumprimento legal, un principio básico de prudencia valorativa contable. Engade que os gobernos anteriores fixeron exactamente o mesmo documento desde o ano 2008 e non por iso se renunciou ao cobro. Pide aos grupos que reconsideren a súa postura.

O voceiro do grupo do PP di que a lección está moi ben, pero que a maior parte dos que están aquí xa a teñen aprendida. Afirma que se tan sequera se dignase a ter unha reunión cos voceiros á que asistira a interventora do Concello e se explicaran as cousas, ou que se tivese dado na Comisión a metade da explicación que acaba de dar... Continúa dicindo que o alcalde non fala con ninguén e que bota os papeis así na Comisión, e que eles os papeis así non os tragan. Solicita que convoque unha reunión e se informe da situación na que se atopan os dereitos de imposible ou difícil recadación, se aclaren os números e despois se traia ao Pleno. Ratifica o voto negativo.

O voceiro do grupo socialista di que contrastarán a información e despois verán se varía a súa posición, pero que neste momento non varía.

O voceiro de Somos Fene di que non varían a súa posición.

O alcalde insiste en que lle sorprende a situación dado que no tempo que leva el no Concello nunca houbo reunións máis alá das Comisións para este asunto en concreto. Engade, referíndose ao voceiro do PP, que ten que saber do asunto polos catro anos que gobernou. Engade que alá eles coa súa responsabilidade co Concello e afirma que non van retirar o asunto da orde do día, que se votará e se fará que se teña que facer despois.

O voceiro do PP pregunta ao alcalde se explicou algo na Comisión.

O alcalde resposta preguntando se o Sr. Galego tivo toda a documentación na Comisión, ao que este resposta que si. O alcalde continúa preguntando se el fixo algunha pregunta na Comisión relativa á cuestión que non se respostara, ao que o Sr. Galego resposta que non se trata de facer preguntas. O alcalde contesta que se trata precisamente diso. Engade que está claro que se trata de entorpecer.

**Sometido o asunto a votación, este non foi aprobado logo de obter 11 votos en contra (6 do grupo do PP, 3 do grupo socialista e 2 do grupo Somos Fene) e 5 votos a favor (4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).**

C.I.  
F:  
P-  
150  
360  
0-G

### **3. Aprobación, se procede, da aprobación do proxecto "Adecuación e mellora do Camiño de Buio (Sillobre)"**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 23.01.2018 por 7 votos a favor (3 PP, 2 BNG, 1 Somos Fene, 1 Grupo Mixto) e 1 abstención (PSOE):

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 18.05.2017 o director xeral de Agader aprobou a Resolución para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018.

**O 30.06.2017 mediante Resolución de Alcaldía núm. 710/2017 o Concello de Fene solicitou participar no dito Plan co proxecto "Adecuación e mellora do camiño de Buio (Sillobre)" redactado polo enxeñeiro de camiños Antonio J. Durán Maciñeira (RXE nº 189 de 30.06.2017).**

O 10.07.2017 o enxeñeiro de camiños, canles e porto municipal emite informe en relación ao proxecto que di: "(...) 6.- *As obras proxectadas cumpren, a xuízo do técnico que suscribe, os requisitos técnicos de adecuación de materiais, solucións construtivas, etc., polo que o Proxecto infórmase favorablemente en canto aos aspectos urbanísticos, viabilidade das actuacións a partir da existencia previa do vial de titularidade municipal, conveniencia da actuacións e admisibilidade da solución técnica.*"

Consta no expediente informe da secretaria municipal 102/2017 que conclúe: "*Infórmase favorablemente a aprobación do proxecto "Adecuación e mellora do camiño de Buio (Sillobre)". O órgano competente para a súa aprobación serao o Alcalde ou o Pleno en función da inclusión ou non do proxecto no orzamento no momento da súa aprobación. No momento da emisión deste informe o órgano competente é o Pleno"*

O 15.09.2017 recíbese un requirimento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) solicitando unha serie de modificacións no proxecto técnico.

Consta no expediente proxecto técnico modificado (RXE nº 201799900000356 de 04.09.2017) e informe técnico complementario do enxeñeiro de camiños, canles e porto municipal de 13.09.2017, conformado o 18.01.2018 pola secretaria municipal, que di:

"(...) 7. *As obras proxectadas cumpren, a xuízo do técnico que suscribe, os requisitos técnicos de adecuación de materiais, solucións construtivas, etc, polo que o Proxecto infórmase favorablemente en canto aos aspectos urbanísticos, viabilidade das actuacións a partir da existencia previa do vial de titularidade municipal, conveniencia da actuacións e admisibilidade da solución técnica. (...)"*

Á vista de que o pleno é competente para a aprobación do presente proxecto, en base ao artigo 22.2 ñ) LBRL, ao non estar previstos no orzamento municipal, propoño ao pleno municipal á adopción do seguinte ACORDO:

*Aprobar o proxecto "Adecuación e mellora do camiño de Buio (Sillobre)" redactado polo enxeñeiro de camiños Antonio J. Durán Maciñeira presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 04.09.2017 co núm. 201799900000356"*

No turno de intervencións, o Concelleiro de Obras, Justo Martínez Ardá, pide o apoio do Pleno para a aprobación da Proposta que consiste nunha pequena modificación do proxecto aprobado o ano pasado.

O voceiro do grupo do PP Gumersindo P. Galego Feal anuncia o seu voto a favor e sinala o retraso na obra.

O voceiro do grupo socialista Antón Lois Noceda Carballo lamenta os retrasos en execución de obra pública e que o proxecto non sexa máis ambicioso e non contemple rede de sumidoiros, non obstante anuncia o voto a favor do seu grupo por merecelo os veciños.

O/as voceiro/as de Somos Fene, grupo mixto e BNG anuncian tamén o seu voto a favor.

C.I.  
F:  
P-  
150  
360  
0-G

**Sometido o asunto a votación, este foi aprobado por unanimidade.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Aprobar o proxecto "Adecuación e mellora do camiño de Buio (Sillobre)" redactado polo enxeñeiro de camiños Antonio J. Durán Maciñeira presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 04.09.2017 co núm. 201799900000356"**

**4. Aprobación, se procede, da solicitude de compatibilidade para o exercicio da avogacía solicitada por \*\*\*<sup>1</sup>.**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 24.01.2018 por 5 votos a favor, (2 BNG, 1 PSOE, 1 Grupo Mixto e 1 Somos Fene) e 3 abstencións do grupo do PP:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*Asunto: Solicitude de compatibilidade para o exercicio da avogacía solicitada por \*\*\* O 20.10.2017 (R.E. núm. 7880) \*\*\*, co NIF \*\*\*60132.\*, funcionario de carreira deste Concello, pertencente ao Corpo da Policía Local coa categoría de Policía presenta instancia pola que solicita lle sexa concedida a compatibilidade para o exercicio da avogacía, así como, no suposto de que a mesma lle fose concedida, se lle facilite información sobre aqueles aspectos que poderían afectar a dita compatibilidade, achegando copia da certificación acreditativa do título universitario de Licenciado en Dereito.*

*Consta no expediente informe da técnica de administración xeral do 22.01.2018 que copiado literalmente di:*

**"INFORME DA TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

*Asunto: Solicitude de compatibilidade do funcionario \*\*\* para exercer avogacía*

*Expte: 2018/X999/000047*

**ANTECEDENTES:**

*-Instancia presentada por \*\*\*, co NIF \*\*\*60132.\*, funcionario de carreira deste Concello, pertencente ao Corpo de Policía Local coa categoría de Policía, de data 20.10.2017 (R.E. núm. 7880), pola que solicita lle sexa concedida a compatibilidade para o exercicio da Avogacía, así como, no suposto de que a mesma lle fose concedida, se lle facilite información sobre aqueles aspectos que poderían afectar a dita compatibilidade; coa que achega copia de certificación acreditativa do título universitario de Licenciado en Dereito.*

**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

*-Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (en diante, LEPGA).*

*-Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia (en diante, LCPLGA).*

*-Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (en diante, LOFCSE).*

*-RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (en diante, TRRL).*

*-Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas (en diante, LIPAP).*

*-RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP).*

*-RD 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos entes, organismos e empresas dependentes.*

<sup>1</sup> Suprímese o seguinte contido da acta en aplicación da normativa de protección de datos persoais.



**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

*Primeira.- O artigo 7 da LEPGA, dedicado ao persoal funcionario das entidades locais galegas, dispón:*

*"1. O persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas réxese pola lexislación básica estatal que lle resulte aplicable e por esta lei, coas especialidades reguladas no seu título X.*

*2. O persoal dos corpos de policía local réxese, ademais de pola normativa mencionada na alínea anterior, pola lexislación xeral de forzas e corpos de seguridade e pola súa lexislación específica, a cal regulará as demais especialidades do seu réxime xurídico."*

*Respecto á regulación do réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local, resulta de aplicación o artigo 145 do TRRL, segundo o cal o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración local é o establecido con carácter xeral para a función pública na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e nas normas que se diten polo Estado para a súa aplicación aos funcionarios da Administración Local.*

*Se acudimos á lexislación específica, tanto o artigo 6.7 da LOFCSE como o artigo 58 da LCPLGA sinalan en termos similares, que os membros dos corpos da Policía local non poderán exercer ningunha outra actividade pública ou privada, salvo as exceptuadas no réxime xeral de incompatibilidades.*

*Segunda.- O réxime establecido con carácter xeral é o recollido no artigo 16 da LIPAP, cuxo apartado 1 determina:*

*"1. Non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección".*

*Este apartado 1 establecido pola disposición final 3 do TREBEP, producirá efectos en cada Administración Pública a partires da entrada en vigor do capítulo III do título III coa aprobación das leis de Función Pública das Administracións Públicas que se diten en desenvolvemento deste Estatuto, segundo establece a súa disposición final 4.*

*Toda vez que a LEPGA aprobouse en desenvolvemento do TREBEP, o artigo 16.1 da LIPAP atópase vixente na actualidade.*

*Pola súa parte, o artigo 24 do TREBEP indica o seguinte:*

*"La cuantía y estructura de las retribuciones complementarias de los funcionarios se establecerán por las correspondientes leyes de cada Administración Pública atendiendo, entre otros, a los siguientes factores:*

*(...)*

*b) La especial dificultad técnica, responsabilidad, dedicación, incompatibilidad exigible para el desempeño de determinados puestos de trabajo o las condiciones en que se desarrolla el trabajo.*

*(...)."*

*En relación coas retribucións complementarias, cabe facer mención ao disposto na Disposición transitoria novena da LEPGA que sinala:*

*"1. Entremetres non se introduza o complemento retributivo de posto de traballo previsto por esta lei, todas as referencias a este último entenderanse feitas ao complemento específico existente no momento da súa entrada en vigor, destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.*

*O persoal interino nomeado para a execución de programas de carácter temporal ou por exceso ou acumulación de tarefas percibirá o complemento específico correspondente a un posto de traballo de nivel base do correspondente subgrupo ou grupo de clasificación profesional.*

*2. Entremetres non se produza a substitución do complemento específico mencionado na alínea anterior polo complemento de posto de traballo previsto por esta lei, poderase recoñecer, consonte o*

*disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte aplicable, compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.*

*No suposto de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade sempre que a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente”.*

*Respecto a esta cuestión, o Concello de Fene ten aprobada unha RPT (BOP de A Coruña núm. 140 do 26.07.2016) cun complemento de posto de traballo axustado á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, motivo polo que non é de aplicación o previsto na antedita Disposición transitoria.*

*Así mesmo, é fundamental sinalar que no establecemento das retribucións complementarias asignadas na RPT a todos os postos de Policía Local polo concepto do apartado b) do artigo 24 TREBEP, o factor de incompatibilidade ten atribuída unha puntuación de cero (0), polo que pode considerarse cumprido o requisito establecido no artigo 16.1 da LIPAP para o recoñecemento da compatibilidade.*

*Terceira.- Para o caso da concesión da compatibilidade, a LIPAP establece unha serie de limitacións.*

*En primeiro lugar, o artigo 1.3 da LIPAP prevé que o desempeño dun postos de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poda impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia.*

*Máis adiante, o artigo 11.1 da LIPAP dispón que o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por sí ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades particulares que se relacionen directamente coas que desenrole no departamento, organismo ou entidade onde estivera destinado.*

*E o seu apartado 2 engade que o Goberno, por Real Decreto, poderá determinar, con carácter xeral, as funcións, postos ou colectivos do sector público, incompatibles con determinadas profesións ou actividades privadas, que poidan comprometer a imparcialidade independencia do persoal de que se trate, impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou prexudicar os intereses xerais.*

*En desenvolvemento deste apartado, o artigo 11 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, determina que non poderá recoñecerse compatibilidade para o desempeño das actividades privadas que en cada caso se expresan ao persoal que se enumera nos apartados seguintes:*

*“(…)*

*2. O persoal que realice calquera clase de funcións na Administración, co exercicio da profesión de Procurador ou con calquera actividade que poida requirir a presenza ante os Tribunais durante o horario de traballo.*

*(…).”*

*O artigo 12 da LIPAP relaciona unha serie de actividades privadas que non poderán exercerse en ningún caso, nos seguintes termos:*

*”1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:*

*a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares, nos asuntos nos que estaea a intervenir, interviñera nos dous últimos anos ou teña que intervenir por razón do posto público.*

*Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.*

*b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de Empresas ou Entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade na que preste os seus servizos o persoal afectado.*



c) O desempeño, por sí ou por persoa interposta, de cargos de todo orde en Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou coa participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das Empresas ou Sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial."

O artigo 13 advirte que non poderá recoñecerse compatibilidade algunha para actividades privadas a quen se lle autorizara a compatibilidade para un segundo posto ou actividades públicas, sempre que a suma de xornadas de ambos sexa igual ou superior á máxima nas Administracións Públicas; e o artigo 14 que os recoñecementos de compatibilidade non poderán modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedarán automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto no sector público.

Finalmente, o artigo 15 prevé que o persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional.

Cuarta.- De acordo co artigo 14.2 da LIPAP, a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade corresponde ao Pleno da Corporación Local.

#### CONCLUSIÓN:

Considerando a lexislación vixente, procede informar favorablemente a concesión da compatibilidade solicitada por \*\*\* para o exercicio da avogacía, coas seguintes limitacións:

-O recoñecemento da compatibilidade non pode impedir ou menoscar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia (artigo 1.3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro).

-Só poderá concederse a declaración de compatibilidade sempre que sexa unha actividade non relacionada directamente co posto que está desempeñando (artigo 11.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro).

-Non ha de supoñer presenza ante os Tribunais no horario de traballo (artigo 11.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro e artigo 11 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril).

-As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderá autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas na Lei 53/1984 como de prestación a tempo parcial (artigo 12.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro).

-Non poderá recoñecerse compatibilidade algunha para actividades privadas a quen se lle autorizara a compatibilidade para un segundo posto ou actividades públicas (artigo 13 da Lei 53/1984, do 26 de decembro).

-Non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio da actividade a desenrolar (artigo 15 da Lei 53/1984, do 26 de decembro).

Este é o informe que se emite sen prexuízo doutro mellor fundado.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola técnica de administración xeral Carmen López Villar."

Tendo en conta o anterior, esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, logo de ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a \*\*\*, funcionario de carreira deste Concello, pertencente ao Corpo da Policía Local coa categoría de Policía, a compatibilidade para o exercizo da avogacía coas limitacións previstas en todo momento na lexislación vixente e, en concreto, coas seguintes incompatibilidades:

-Non poderá relacionarse directamente cos asuntos sometidos a informe, decisión, axuda financeira ou control no Departamento, Organismo, Ente ou Empresa públicos aos que o interesado estea adscrito ou preste os seus servizos.

*En todo caso, non poderá atender asuntos en que estea a intervir, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público. Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.*

*-Co desempeño de servizos de xestión administrativa, xa sexa como titular, xa como empregado en tales oficinas; co exercicio da profesión de Procurador ou con calquera actividade que poida requirir presenza ante os Tribunais durante o horario de traballo.*

*-Coa realización de servizos profesionais, remunerados ou non, aos que se poida ter acceso como consecuencia da existencia dunha relación de emprego ou servizo en calquera Departamento, Organismo, Entidade ou Empresa públicos, calquera que sexa a persoa que os retribúa e a natureza da retribución.*

*-A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de Empresas ou Entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.*

*-O desempeño, por si ou persoa interposta, de cargos de todo orde en Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.*

*-A participación superior ao 10 por 100 no capital das Empresas ou Sociedades a que se refire o parágrafo anterior.*

*-As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas na Lei como de prestación a tempo parcial.*

*-O recoñecemento desta compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedará automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.*

*Segundo.- Notificar ao interesado o acordo adoptado indicándolle que fronte a este acto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.*

*Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.*

*Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.*

*En Fene, asinado dixitalmente na data que consta na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey."*

Inicia o turno de intervencións a voceira do grupo do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que anuncia o voto a favor do seu grupo.

A voceira suplente do grupo do PP, Rocío A. Bértoa Puente, pide que se explique por que se trouxo este asunto á Comisión correspondente pola vía da urxencia e por que se meteu "con calzador" na orde do día deste Pleno. Lembra que a Oferta Pública de Emprego non foron quen de aprobala ata o último día, así como a promoción de auxiliares administrativos a administrativos, a pesar de que sabían que contaban co apoio de toda a corporación; para eles este non era un tema de urxencia. Lembra tamén que en 2008 non se concedeu a compatibilidade de condutor a outro policía por

unanimidade da corporación. Pide que a Concelleira explique que circunstancias variaron desde 2008 ata agora para que entón non se concedera e agora se poida conceder. Entende que, visto o informe da TAX, aínda que si se pode dar a compatibilidade, coas limitacións que presenta, parécelle incompatible. Di que agarda as explicacións da Concelleira ou do Alcalde para decidir o voto.

O voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, cre que este tipo de cuestións merecen ser estudadas con delicadeza, con tempo e non con urxencia. Di que non lle gusta tratar este tema no Pleno por respecto a unha persoa que trata de mellorar na súa formación e nas súas posibilidades laborais, e porque quenes teñen que estar protexidos son tamén os veciños e as veciñas, e non entenden que quen pode estar pola mañá facendo informes poida estar pola tarde defendendo xuízos con eses informes, que pode dar lugar a un risco de contaminación. Cre que é necesario buscar unha fórmula que respecte os desexos de mellorar, pero tamén os desexos de independencia xudicial. Solicita que se acepte a súa adenda ou se adíe este debate para tratar de chegar a un acordo.

Por parte do grupo Somos Fene, o concelleiro César Daniel Castro García solicita tamén que se aprace o debate porque, dada a súa complexidade, a pesar de teren votado a favor da urxencia e da Proposta na Comisión, pensan que é mellor estudalo máis.

A Concelleira explica que a urxencia a xustificou na Comisión, pero que hoxe non se trae ao pleno pola vía da urxencia. Considera que o traballador será responsable e non entende o risco de contaminación porque deberá respectar as limitacións que se indican no informe técnico. Di que ao seu grupo lle parece ben esta compatibilidade tal e como marca o informe técnico e que o punto non vai ser retirado da orde do día.

A concelleira do grupo do PP, Rocío A. Bértoa, indica que na Comisión se xustificou a urxencia por un retraso nos informes técnicos, e pregunta se é así.

A Concelleira de Persoal asinte e engade que os informes técnicos chegaron máis tarde da convocatoria da Comisión, pero que se lles enviaron por correo electrónico antes da mesma para que os puideran mirar.

A Sra. Bértoa indica que debiera ter explicado os informes na Comisión, mesmo a través da persoa que os asinou, para que todos os entenderan. Señala que outros grupos lle están a facer propostas e a perdirlle que aprace o debate, pero que a ela lle dá igual. Alude á inoperancia e falta de xestión da Concelleira de Persoal e afirma que o que quere e botar a culpa á oposición cando é ela a que non traballa nin fai nada. Indica que o PP non vai votar a favor porque non lle contestou ás preguntas que lle fixo, e que aínda que ela non estivera no 2008, se votou por unanimidade a denegación dunha compatibilidade para ser chófer a outro policía e lles parece unha discriminación. Reitera a pregunta sobre que circunstancias variaron de 2008 a hoxe.

O voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda, sinala que cando recibiu esta mañá a chamada da Concelleira de Persoal para falar deste tema pensou que estaba a cambiar algo na súa actitude e se empezaba a dar conta de que 5 non é a maioría nun pleno de 17, pero que está visto que non. Entende que a política consiste en chegar a acordos. Afirma que el non cuestionou en ningún momento ao traballador nin defendeu outra cousa que non fora posibilitar que exerza a profesión que solicita, pero cre que deberían concretar máis, e non por desconfianza en ninguén. Di que este tipo de situacións danlle noxo e reflicten con claridade o que é a Concelleira de Persoal.

O alcalde intervén e pide ao voceiro do grupo socialista que se limite á cuestión tratada e deixe os insultos e os desprezos.

O Sr. Noceda indica que ten unha proposta enriba da mesa para aprobar, que lle parece bastante razoable, e que do que están a falar non é de confiar nuns ou noutros porque a administración o que ten que facer e regular para garantir os dereitos de todos e todas, e que diso é do que quería falar o PSOE, pero que a Concelleira non quere falar porque non lle gusta, e ten unha actitude como a dunha pequena caprichosa.

O alcalde faille unha segunda chamada á orde ao Sr. Noceda e advirte que á terceira o expulsará do Pleno.

C.I.  
F:  
P-  
150  
360  
0-G

Por parte do grupo Somos Fene, o concelleiro César Daniel Castro García solicita pide á Concelleira que medite a súa decisión de pospoñer o debate dado que, senón, pode causar un prexuízo importante a un traballador.

A Sra. Permuy pide respecto por parte da oposición aos 5 membros do goberno ao igual, indica, que eles respectan á oposición. Diríxese aos concelleiros do PP e di que lles falta un pouco de educación e respecto. Lembran que eles gobernaron con 6 e que non hai tanta diferenza numérica. Indica que as súas decisións as toman eles, e que se non lles gustan, voten en contra. Di que non vai explicar ningún informe feito por unha técnica e que descoñece o que pasou en anos anteriores porque ela non estaba.

A Sra. Permuy diríxese ao voceiro do PSOE e lembra que falou de risco de contaminación, e que ela confía en que o traballador non teña risco de contaminación; dille que el entenda o que queira e pídelle por favor que pare de faltarlle ao respecto, porque se o que fai ela é un noxo, estalle chamando noxenta e non llo vai consentir máis, que está farta das súas faltas de respecto continuas.

A concelleira do grupo do PP, Rocío Bértoa, indica que cando fixo alusión na Comisión á denegación da compatibilidade aprobada en 2008 por unanimidade, era para que a Concelleira o estudara e dese unha explicación neste Pleno. Anuncia o voto en contra do grupo do PP pola falta de explicacións do goberno.

O voceiro do grupo socialista di que a Concelleira hoxe tiña fácil acadar tres votos a favor, pero que acada 3 abstencións e que o gañou ela a pulso. Di que será ela a responsable do resultado da votación.

**Sometido o asunto a votación, este non foi aprobado logo de obter 6 votos en contra do grupo do PP, 5 a favor (4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 5 abstencións (3 do grupo socialista e 2 do grupo Somos Fene).**

**5. Aprobación, se procede, da Moción de apoio á demandas da plataforma SOS Sanidade Pública, para solicitar a retirada do anteproxecto de modificación da Lei Galega de Saúde do ano 2008.**

Consta no expediente a seguinte Moción que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 26.01.2018 por 5 votos a favor, (2 BNG, 1 PSOE, 1 Grupo Mixto e 1 Somos Fene), 0 votos en contra e 3 abstencións (PP):

*"MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, PSOE, GRUPO MIXTO E SOMOS FENE DE APOIO ÁS DEMANDAS DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA PARA SOLICITAR A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAÚDE DO ANO 2008.*

*A Lei de Saúde de Galicia do ano 2008, estableceu as normas polas que se ten que rexer o Sistema Sanitario Público de Galicia. Esta Lei contempla unha Sanidade Pública, Universal, Gratuíta e de Calidade, tal e como manda o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución do Estado Español. Agora a Xunta pretende cambiar esta Lei mediante un Anteproxecto que:*

*1.- Reduce a participación social na xestión e control do sistema*

*Cambia a composición dos órganos de participación e ás funcións dos mesmos. Esta modificación faría imposible o control previo e a aprobación do Plan Galego de Saúde, os contratos de servizos, os concertos co sector privado, subvencións, memorias anuais, orzamentos, prestacións sanitarias e carteiras de servizos.*

*Tamén modifica a composición e funcións do Consello de Saúde de Área e crea un novo Consello Asesor de Pacientes, deixando pendente a regulación da súa composición e funcionamento, responsabilidade que trasladada ás Xerencias de Área. A Consellería de Sanidade elixirá ademais quen poderá participar no mesmo e que deberán facer as entidades participantes. O Anteproxecto suprime o artigo 25 (apartado 5. d) que establecía que " o Consello de Saúde debería coñecer os contratos de servizos sanitarios, concertos e subvencións na área sanitaria".*

*2.- Reduce as Áreas Sanitarias e mantén as Estruturas de Xestión Integrada (EOXIS)*

*Reduce as actuais Áreas Sanitarias de 11 a 7 coa intención de equiparar as mesmas ás Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIS), creadas para suprimir as Xerencias de Atención Primaria (AP) que foron absorbidas polos hospitais. De este xeito a AP quedou sometida á hospitalaria perdendo orzamento e autonomía, polo que o sistema sanitario volve ao modelo curativo (reparación do dano) en detrimento da promoción e prevención, moito mais racional e eficiente para a saúde da poboación.*

*3.- Desmantela e recorta os recursos dos hospitais comarcais, que acercan a atención hospitalaria as poboación rural aleixada dos grandes hospitais*

*Preténdese eliminar as Áreas Sanitarias de Monforte, A Mariña, Barco de Valdeorras e o Salnés, polo que os hospitais das mesmas pasarían a depender dos hospitais das Estruturas de Xestión Integrada (EOXIS) de Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo. As áreas dos hospitais comarcais se transforman en Distritos Sanitarios que son estruturas territoriais de menor rango, capacidade de xestión, orzamento e recursos.*

*4.- Mantén e consolida a selección dos traballadores sanitarios por libre designación, en lugar de por coñecemento, mérito e capacidade demostrada en probas, exames e concursos.*

*Esta decisión perpetúa a arbitrariedade o enchufismo na contratación do persoal sanitario, en detrimento da calidade da atención, da equidade e da xustiza.*

*5.- Consolida a privatización de formación, investigación e innovación dos sistema sanitario público galego*

*Mantén ea amplía a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, parasitada por laboratorios e empresas tecnolóxicas e fondos de investimento internacional. Deste xeito o SERGAS financiará e poñerá os seus centros, profesionais, equipamento e pacientes ó servizo da experimentación de laboratorios, multinacionais e fondos de investimento, que farán grandes negocios cos resultados da mesma: O SERGAS pagará a investigación e as multinacionais comercializaran os resultados. Preténdese por o Sistema Sanitario Público ao servizo do desenvolvemento empresarial, en lugar de garantir a saúde da poboación Debemos ser conscientes de que están en xogo Sanidade Pública que ata agora protexeu o ben máis importante que temos como é a saúde. O sistema Sanitario Público é algo que conseguimos entre tod@s coa democracia. Si deixamos que o privaticen, as xeracións futuras non nolo perdoarán.*

*Por todo o exposto, os grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego, PSOE, grupo Mixto e Somos Fene, en apoio ás demandas da Plataforma SOS Sanidade Pública, propón para o seu debate e consideración no pleno, a adopción dos seguintes acordos:*

*1. Retirada do Anteproxecto de modificación da Lei Galega de Saúde.*

*2. Apertura dun proceso de debate e negociación participativa para*

- Manter e reforzar os hospitais comarcais para garantir a asistencia de saúde a toda a poboación en condicións de igualdade.*
- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria e que recuperen a súa autonomía e capacidade resolutiva, para promover e previr a saúde da poboación.*
- Desenvolver e potenciar a formación, investigación e innovación con recursos públicos.*
- Potenciar a Participación Social, sen exclusións, en todas as estruturas do sistema sanitario.*
- Garantir a equidade de acceso ao sistema dos mellores profesionais e traballadores en base a criterios de igualdade, mérito e capacidade.*

*Fene, 23 de xaneiro de 2018*

*Sandra Permuy Meizoso  
Voceira BNG*

*Antón L. Noceda Carballo  
Voceiro PSOE*

*Mª Carmen Martínez Rodríguez  
Voceira do Grupo Mixto*

*Xoan M. Rdguez. Bastida  
Voceiro SOMOS FENE"*



A Concelleira de Benestar Social, M<sup>a</sup> Carmen Martínez, dá lectura á proposta.

O voceiro do grupo do PP, Gumersindo Galego, anuncia o voto en contra do seu grupo e defende a xestión da sanidade pública do Partido Popular, construción de novos hospitais, investimentos, convocatoria de emprego público, datos de ingresos hospitalarios, etc. Asegura que a sanidade pública funciona razoablemente ben, polo tanto votan en contra de calquera modificación da xestión actual.

O voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda, anuncia o seu voto a favor por ser a defensa da sanidade pública un dos sinais de identidade do seu partido e un dos piares básicos da sociedade.

O voceiro do grupo Somos Fene, o Sr. Rodríguez Bastida, anuncia o voto a favor e quere deixar claro que queren a retirada do anteproxecto. Afirmo que a sanidade pública galega é boa, pero manifestamente mellorable, falando como representante de Somos Fene e como parte da comunidade sanitaria de Galicia.

A voceira do grupo do BNG, a Sra. Permuy Meizoso, di que votarán a favor, e en canto á intervención do PP, afirma que se falaran coa xente que pasa horas en urxencias e que teñen que ocupar camas de pediatría por xente adulta, igual non estaban tan a favor do modelo actual. Cre que non é un problema de funcionamento da sanidade, senón de desmantelamento e di que están a favor dos traballadores e traballadoras da sanidade pública, pero non dos seus xestores. Engade que os recortes do PP si inflúen na Sanidade e na Educación aínda que o PP non se dea conta.

**Sometido o asunto a votación, este foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo do BNG, 1 do grupo misto, 2 do grupo Somos Fene e 3 do grupo socialista) e 6 votos en contra do grupo do PP.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**1. Retirada do Anteproxecto de modificación da Lei Galega de Saúde.**

**2. Apertura dun proceso de debate e negociación participativa para**

- **Manter e reforzar os hospitais comarcais para garantir a asistencia de saúde a toda a poboación en condicións de igualdade.**
- **Recuperar as Xerencias de Atención Primaria e que recuperen a súa autonomía e capacidade resolutiva, para promover e previr a saúde da poboación.**
- **Desenvolver e potenciar a formación, investigación e innovación con recursos públicos.**
- **Potenciar a Participación Social, sen exclusións, en todas as estruturas do sistema sanitario.**
- **Garantir a equidade de acceso ao sistema dos mellores profesionais e traballadores en base a criterios de igualdade, mérito e capacidade.**

**6. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, do Convenio tipo para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas auxiliares de policía local ou as prazas de vixilantes municipais**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía do 29.01.2018 que quedou introducida na orde do día logo de obter 13 votos a favor (6 do grupo do PP, 4 do grupo do BNG, 2 do grupo Somos Fene e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

O 22.11.2017 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma cos concellos galegos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local.



O Decreto regula principalmente a figura da cooperación mediante delegación de competencias, e prevé para este ano 2018 o primeiro proceso unitario para o ingreso na categoría de policía local e tamén para a cobertura das prazas de auxiliares de policía local e de vixiantes municipais.

Tendo en conta o anterior, visto o informes de secretaría 3/2018 e intervención de 23.01.2018, PROPONSE AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o "Convenio tipo para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas auxiliares de policía local oua as prazas de vixilantes municipais", que se transcribe a continuación:

*"CONVENIO TIPO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXILANTES MUNICIPAIS*

*Santiago de Compostela, ... de ... de ...*

*REUNIDOS*

*DUNHA PARTE, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local*

*DOUTRA, ..., titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de..., actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e facultado para a sinatura deste convenio polo Pleno do Concello, segundo acordo adoptado na sesión de ..., en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de réxime común]/123.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de gran poboación].*

*Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento deste convenio,*

*EXPOÑEN:*

*I.- A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que "a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración".*

*En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que "a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade".*

*II.- Dentro do devandito marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de*

vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

III.- Mediante acordo do Pleno de data ..., adoptado en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de réxime común]/123.1.j da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de gran poboación], o Concello de ... delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

Para instrumentar esta delegación, e de acordo co previsto no artigo 2.3 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, e na lexislación de réxime xurídico do sector público e de réxime local, ambas as dúas partes acordan as seguintes

### **CLÁUSULAS:**

#### **PRIMEIRA: Obxecto.**

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de ... na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

2. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as prazas de vixilantes municipais, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

3. Para o ano 2018 a delegación realizada polo concello é aceptada pola Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación cos procesos selectivos para o acceso mediante o sistema de quenda libre á categoría de policía e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, de acordo coa previsión recollida na alínea a) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

No momento en que a previsión recollida na alínea b) da devandita disposición adicional única se desenvolva para as demais categorías e sistemas de acceso aos corpos de policía local, a delegación realizada polo concello, de ser o caso, con esas outras categorías e sistemas de acceso, é aceptada e producirá plenos efectos, sen precisar novo acordo plenario, debendo o concello comunicar, nos prazos establecidos no Decreto 115/2017, as novas prazas a convocar.

Entrementres non se leve a cabo o referido desenvolvemento, o concello poderá convocar e desenvolver os procesos selectivos das categorías e sistemas de acceso aos que se refire o parágrafo anterior, coa obriga de reservar praza, dentro dos prazos establecidos, nos cursos selectivos de formación ou capacitación para as persoas que resulten aprobadas ou obteñan praza.

#### **SEGUNDA: Comunicación á Academia Galega de Seguridade Pública das prazas concretas a convocar e prazo para efectuar a devandita comunicación.**

1. O concello, no momento da sinatura do convenio ou ben nun momento posterior e, en todo caso, antes dos prazos que a continuación se indican, deberá comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que se recolle no Anexo I, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

C.I.  
F:  
P-  
150  
360  
0-G

2. A comunicación deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria das prazas, segundo o modelo que se recolle no Anexo II deste convenio.

3. Os prazos para efectuar a devandita comunicación son os seguintes:

a) Excepcionalmente para o ano 2018:

- Ata o final do mes de marzo, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixilantes municipais
- Ata o final do mes de febreiro, para os prazos de auxiliares de policía local.

b) A partir do ano 2019:

- Antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixilantes municipais ou para o resto de categorías e sistemas dos corpos de policía local cuxos procesos selectivos unitarios estean habilitados conforme a previsión do apartado b) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

- Antes de que remate cada ano natural para as prazas de auxiliares de policía local

#### **TERCEIRA: Alcance da delegación.**

1. A delegación obxecto deste convenio comprende:

a) A aprobación e publicación das convocatorias dos procesos selectivos coas súas bases, así como a aprobación, notificación e publicación de todos os demais actos e resolucións administrativas que dean cobertura xurídica ao desenvolvemento daqueles.

b) O nomeamento e coordinación dos órganos de selección, incluído o aboamento de todos os gastos derivados da súa actuación.

c) A recepción das solicitudes de participación e o cobro das correspondentes taxas.

d) A xestión íntegra da operativa precisa para o desenvolvemento material dos procesos selectivos.

e) A cualificación das probas selectivas e a aplicación dos correspondentes baremos de méritos.

f) Se o convenio inclúe a selección do persoal auxiliar de policía local, a xestión das correspondentes listas selectivas nos termos establecidos polo artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

g) Todas as demais xestións relacionadas coa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos, coa excepción que se sinala no número seguinte.

h) A organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou capacitación.

2. Exceptúanse da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos.

#### **CUARTA: Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma.**

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase a aprobar e publicar as convocatorias dos procesos selectivos para o acceso ás categorías do corpo de Policía local comprendidas neste convenio e as prazas de persoal auxiliar de policía local e de vixilantes municipais sempre que as prazas comunicadas para a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os preceptivos convenios alcancen o número mínimo total de:

- Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre e aos postos de persoal auxiliar de policía local.
- Cinco, en todos os demais casos.

*Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso do persoal auxiliar de policía local, salvo o disposto nas cláusulas segunda e décima terceira.*

*Malia o anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma resérvase a posibilidade de convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior ao sinalado no parágrafo anterior, nos termos sinalados polos artigos 4.1 e 18.1 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.*

*2. No suposto de non se convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas previsto no número anterior, a consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento do concello dita circunstancia. Este poderá optar entre desenvolver por si mesmo o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público.*

*3. No caso de que o obxecto do convenio comprenda a selección de persoal auxiliar de policía local, a Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase tamén a seleccionar, a través da lista prevista no artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, ás persoas precisas para a cobertura das necesidades sobrevidas desta clase de persoal que se comuniquen polo concello no modelo que se estableza para o efecto, sempre que na devandita lista existan persoas aptas para a cobertura das prazas ás que se refira a comunicación.*

#### **QUINTA: Obrigas do concello.**

*En virtude deste convenio, o concello asume as seguintes obrigas:*

*a) Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou das prazas de vixilantes municipais que se terán que convocar, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.*

*b) Nomear como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, ás persoas aprobadas ou que obtiveron praza nos procesos selectivos ou contratar como persoal auxiliar de policía local ás persoas seleccionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, logo de verificar que teñen superado o preceptivo curso de formación.*

*c) Comunicar inmediatamente á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública a toma de posesión ou a contratación das persoas mencionadas na alínea anterior.*

*d) Efectuar os trámites internos necesarios, nos prazos que fixe a Academia Galega de Seguridade Pública, para a incorporación efectiva aos cursos selectivos de formación ou capacitación das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.*

*e) Subministrar á consellería competente en materia de seguridade e a Academia Galega de Seguridade Pública toda a información que estas necesiten e demanden consonte o previsto polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, para o cumprimento das obrigas que derivan do presente convenio.*

#### **SEXTA: Financiamento dos procesos selectivos.**

*1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.*

*2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma percibirá os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos procesos selectivos, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.*

#### **SÉTIMA: Comisión de seguimento.**

C.I.  
F:  
P-  
150  
360  
0-G

1. Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

2. A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercera as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e o concello comprométense a resolver por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.

#### **OITAVA: Vixencia.**

1.- Este convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración.

2.- Con anterioridade á súa finalización, o convenio poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración.

3.- A finalización da vixencia do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

#### **NOVENA: Causas de resolución.**

1. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, son causas de resolución deste convenio:

- a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.
- b) O incumprimento das cláusulas do mesmo.
- c) O mutuo acordo das partes.

2. A resolución do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

#### **DÉCIMA: Modificacións.**

As modificacións deste convenio formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que se esixen para a aprobación do mesmo.

#### **DÉCIMA PRIMEIRA: Publicidade.**

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscrición cos seguintes datos básicos:

- a) Identificación das partes que interveñen.
- b) Importe do financiamento.
- c) Data da sinatura.
- d) Finalidade.
- e) Período de vixencia.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

#### **DÉCIMA SEGUNDA: Natureza e réxime xurídico.**



1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerá polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 desta.

2. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e a Xunta de Goberno local do concello, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, O/A Alcalde/sa”  
Administracións Públicas e Xustiza e Presidente  
do Consello Reitor da Academia Galega de  
Seguridade Pública  
Alfonso Rueda Valenzuela

Segundo.- Facultar ao alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.”

A voceira do grupo do BNG, Sra. Permuy Meizoso, inicia o turno de intervencións explicando que aínda sabendo que isto interfere na política municipal e logo de asistir á reunión e ver que un Concello que non teña asinado o convenio non poderá solicitar persoal auxiliar, deciden asinar este convenio por se algún día o Concello precisa de persoal auxiliar. Engade que non lles parece un convenio ideal, pero que practicamente non queda outro remedio que asinalo. Ademais, informa de que convenio é por catro anos e que, se se ve que non funciona, sempre se pode renunciar. Explica que a reunión coa Xunta de Galicia foi o 9 de xaneiro e que eles mesmos pediron perdón pola premura, dado que solicitaron a aprobación polo Pleno, a ser posible, en febreiro.

A concelleira do grupo do PP, Rocío A. Bértoa, anuncia o voto a favor e solicita máis explicacións sobre as modificacións na selección de persoal, convocatorias e normativa sobre as segundas actividades, que, segundo di, se publicaron na prensa. Considera as explicacións da Concelleira escuetas, pero cre que a sinatura do convenio mellorará a situación dos corpos de Policía Local tanto en Fene como en toda Galicia.

O voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda, afirma que o Convenio está ben por un lado, pero que non lles gustan as ameazas de que os Concellos que non asinen quedan fóra. Di que tampouco lles gusta no que se refire á merma da autonomía da administración local. Anuncia que facilitarán a súa aprobación.

**Sometido o asunto a votación, este foi aprobado por unanimidade.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Primeiro.- Aprobar o “Convenio tipo para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas auxiliares de policía local oua as prazas de vixilantes municipais”.**

**Segundo.- Facultar ao alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.**

## **7. Mocións urxentes**

Non se presentan.



## **8. Rogos e preguntas**

O voceiro do grupo do PP fai os seguintes rogos e preguntas:

- En que quedou o alcalde cos veciños de Santa Ana na reunión mantida esta mañá polo tema da construción da mediana? Tamén pide información sobre un requirimento que entrou por rexistro para limpar a zona de Santa Ana, dado que viron a xente de Viaqua traballando por alí.

O alcalde informa que viñeron expresar o seu malestar e preocupación polo pintado con liña continua ao longo de toda a estrada nacional. Piden que se deixen liñas descontinuas para poder xirar á esquerda ou á dereita desde as casas das dúas marxes da vía. O alcalde di que hoxe mesmo solicitou á Policía Local que faga un informe ao respecto e que falou co responsable de mantemento de estradas do Estado e este se comprometeu a vir mañá ou o luns a ver o resultado final da obra, que non o coñecía, e que se amosou favorable a dar unha solución ao problema o antes posible. Engade que comentou que pode haber un único problema coas normas da Dirección Xeral de Tráfico, que non permiten os xiros á esquerda en estradas nacionais cun determinado volume de tránsito, pero que tentarían buscar unha solución.

En canto aos traballos que está a realizar Viaqua na zona de Santa Ana, informa que desde hai moito tempo rompe un tramo de alcantarillado e saen os residuos por un lado da Estrada. Engade que coas obras se atoparon filtracións dese alcantarillado e supón que será o que está a reparar Viaqua.

-Pregunta á Concelleira de Medio Ambiente por que Augas de Galicia puxo unha multa a este Concello por non atender un requirimento, e se se vai proceder de forma inmediata á reparación do Camiño do Picoto porque hai socavóns, e igualmente o camiño de subida a Os Cadavás desde o Rego da Moa, que di que está intransitable. Pregunta se se vai dar algunha solución ao problema dos retrocesos no Peirao de Barallobre porque se están inundando casas da Ribeira.

Sobre a Ribeira de Barallobre, informa o alcalde que onte ou antonte estiveron alí con persoal municipal e de Viaqua e Geseco para intentar dar unha solución ao problema. Ademais informa de que existe outro problema que teñen que tratar derivado da caída da pedra da estrada ao cauce do río que o poden chegar a obturar, e que van contactar con Augas de Galicia, con Portos e con Deputación porque son os organismos que teñen que darlle solución.

A Concelleira Alejandra Permuy resposta, sobre o Camiño do Picoto e o dos Cadavás, informa que se está a preparar un plan de rebacheo con varios camiños e agardando a que mellore o tempo.

A Concelleira de Medio Ambiente, Manuela Aguilar, toma a palabra e explica que teñen o costume de acompañar sempre á persoa que vén facer as medicións da auga, e que nun primeiro momento, a medición da auga da Ribeira de Maniños saíu mal e tomaron as medidas pertinentes, co que ao día seguinte xa estaba arranxado este problema. Di que cando se mediu por segunda vez non tiña contaminación, pero que supoñen que antes de chegar esa nota, Augas de Galicia mandou un expediente sancionador, ao cal responderon con esa segunda medición e as fotografías correspondentes, e a multa xa non saíu adiante.

O voceiro do PP di que primeiro chegou unha proposta de sanción, e a Concelleira di que non, que chegou unha sanción de 5000 euros. O Sr. Galego le o rexistro que di "Proposta de sanción por non cumprimentar un requirimento...", e que son 500 euros. A Concelleira indica que esta é a segunda que mandaron, e que tamén está recorrida.

-Di que se cumpren 2 anos da aprobación da nova Lei do Solo de Galicia, e que a Xunta esixe a adaptación do PXOM á mesma. Informa que a Xunta de Galicia está a preparar un regulamento para os Concellos que non teñen PXOM ou que non o adaptaron á nova lei, co que, indica, o Concello de Fene, dada a deixadez do Concelleiro de Urbanismo, pode chegar a perder as competencias nesta materia. Pregunta a este se ten pensado facer algo para adaptar o Plan de Urbanismo á Lei do Solo.

O Concelleiro Justo Martínez resposta que a pregunta faille graza porque a responsabilidade da situación actual é do goberno do PP, que estivo catro anos e non levou a proposta a primeira aprobación. Di que agora a empresa reclama unha contía superior por uns informes que houbo que facer, e que Secretaría revisou e pode ser que teñan razón. Engade que agora están no

Departamento Técnico para revisar estas alegacións. Sinala tamén que tentarán facer algo para non perder autonomía.

-Sinala que lle alegra que o goberno requira á Xunta de Galicia para que proceda á poda das árbores da Estrada da Palma, pero que por parte do PP se require ao goberno para que proceda á poda de árbores na Ribeira de Barallobre porque houbo problemas por pólas que tocan cables da liña eléctrica. Pregunta se teñen pensado facelo.

O alcalde di que existe un problema nunha zona da Estrada da Palma na que as árbores tocan os cables do alumeadado público do Concello, co que se pelan e cada vez que chove saltan. Di que se pediu xa en tres ocasións á Xunta que viñeran a podalas. E en canto á estrada do Peirao, di que sempre foi Gas Natural Fenosa a obrigada a facer a poda porque é a titular da liña de media tensión. Informa que xa se avisou á empresa para que faga a poda.

O voceiro do PP pregunta pola poda do resto das árbores desa estrada, e non só das que tocan a liña.

O alcalde di que o problema que comentaron os veciños foi o das árbores que tocan a liña eléctrica.

-Onde está a madeira das árbores que se talaron na parte de atrás do Eroski?

A Concelleira de Medio Ambiente, a Sra. Aguilar, informa que está en San Marcos.

-En que estado de tramitación se atopan os asuntos do Punto Limpo e o asunto do aparcadoiro para autobuses do instituto de Barallobre?

O alcalde informa que hai uns 15 días houbo unha reunión da Mancomunidade e que despois estivo falando cos alcaldes para dar solución, porque en Cabanas teñen algunha discrepancia co tema do Regulamento que está listo desde hai un ano. Di que acordaron que se porían de acordo entre os técnicos municipais para dar redacción ao Convenio de Xestión que ten que facer Cabanas para Fene. Agarda poder acadar unha solución definitiva e traer ao Pleno o convenio en marzo ou abril.

En canto ao aparcadoiro do instituto de Barallobre, informa que na última reunión coa Deputación fíxose a solicitude dunha subvención para ese aparcadoiro, e están pendentes de resposta. Engade que teñen outros temas pendentes coa Deputación e que terán unha reunión proximamente para fixar compromisos adquiridos de importancia, sobre todo, para a parroquia de Barallobre.

-Pregunta á Concelleira de Servizos Sociais que lle parece que se gasten 17.000 euros no Entroido e o seu departamento estea como está. Tamén se pensa facer algo con respecto aos retrasos que están sufrindo as traballadoras dos servizos sociais nos informes respecto ás axudas de emerxencia, dado que considera que non é de recibo que se soliciten axudas no mes de febreiro e se fagan informes no mes de xullo.

Sobre os retrasos nos informes das traballadoras sociais, a concelleira, Sra. Martínez, sinala que están a seguir o ritmo habitual, e que se hai algún en concreto que queira comentar, o ven logo e miran.

En canto a que lle parecen os gastos do Entroido, resposta a Concelleira que o xefe político do grupo do PP leva dous anos dicindo que España vai ben e que, polo tanto, alegría ao corpo.

-Pregunta ao alcalde se coñece as consecuencias de manter un recurso de apelación a un procedemento que iniciou o goberno e se sabe o risco que está facendo correr a dous traballadores deste Concello.

O alcalde contesta que se cinxen ao que cren que é mellor para o Concello.

O voceiro do PP pregunta se a persoa que fixo o recurso lle explicou as consecuencias que podería ter para os traballadores do Concello implicados, e o alcalde resposta que son as mesmas que coa convocatoria dunha Comisión.

-Roga que se revise e se requira á empresa polo aglomerado da Rúa Travesa porque se está a levantar, e que na estrada que baixa á chatarrería de Vilar do Colo están sen alumeadado.

Sobre o aglomerado de Rúa Travesa, o concelleiro Justo Martínez di que tiveron constancia de que se levantara o asfalto nun par de zonas e que se foi alí co técnico da empresa e o técnico municipal, e que se repararán as deficiencias en canto sexa posible.

A concelleira do grupo do PP, Rocío Bértoa, fai os seguintes rogos e preguntas:

-Pregunta ao Concelleiro de Cultura por que se require a outras empresas distintas da adxudicataria documentación sobre a Cabalgata de Reis, se é porque facturaron á parte ou por que motivo.

O Concelleiro explica que os requirimentos de documentación se refiren a empresas subcontratadas pola empresa adxudicataria para actividades especiais e entende que o técnico lles solicita a documentación correspondente.

-Pide explicacións á Concelleira de Servizos Sociais por unha factura do mes de maio por servizos de substitución de persoal do Concello da empresa adxudicataria do servizo de axuda no fogar. Non entende que se presente esta factura cando a empresa ten unhas horas adxudicadas; pregunta se está a substituír a persoal municipal cando existe unha bolsa para iso.

A Concelleira de Servizos Sociais, M<sup>a</sup> Carmen Martínez, pide aclaración sobre a pregunta e sinala que normalmente, cando falta persoal municipal se tira da bolsa para substitucións. Non obstante indica que non lembra se puido haber algo excepcional non mes de maio e di que o comprobará e informará en Comisión.

-En relación cunhas facturas de material para reparación do Parque Liñal e da pista de Skate, pregunta por que existen estas se se contratou unha empresa para amañar estas dúas infraestruturas. Igualmente, pregunta por que hai facturas de material para o Campo de Fútbol e para a Piscina Municipal se hai unha empresa contratada para o seu mantemento.

A Sra. Permuy di que non acaba de entender as preguntas, e explica que se fixo unha reparación de parques (Liñal, Praza Verde, colexio de San Valentín e parque da Xunqueira) e despois outra empresa fixo a reparación do Skate.

A Sra. Bértoa pregunta por que pagou o Concello o material.

A Concelleira di que non pagou o Concello o material.

A Sra. Bértoa di que están as facturas deste verán, posteriores ao amaños parques.

O alcalde di que serán de outra cousa e que o mirarán.

Por outra banda, en canto ás facturas de material para a piscina e campo de fútbol municipais, o Concelleiro Justo Martínez Ardá explica que as empresas que levan o mantemento das instalacións detectan deficiencias, envían persoal do Concello, revisan cales son e cal é o material necesario, o Concello adquire o material e son eles os que executan a reparación.

A Sra. Bértoa solicita que se lles dea traslado desas facturas e o Concelleiro acepta.

-Pregunta ao Concelleiro de Urbanismo por que están a poñer multas coercitivas e se vai ser ese o criterio de actuación a partir de agora ou van facer como con Viaqua.

O concelleiro, Sr. Martínez Ardá, explica que a contía de 1000 euros é a mínima que marca a Lei, e explica que cando a persoa propietaria da parcela estea identificada, se porá multa coercitiva, e cando non, procederá á execución subsidiaria. Indica que cre que é a terceira vez que o di nun Pleno.

A Sra. Bértoa pregunta se van executar as multas ou van quedar nunha mera imposición.

O Concelleiro resposta que depende se executan a limpeza da finca ou non.

A Sra. Bértoa pregunta de novo e Concelleiro resposta que si que se van executar.

-Sobre o mantemento da páxina web, di que as actas non están actualizadas e que segue habendo noticias partidistas. Roga que se retiren estas e roga que se lles envíen as actas das Xuntas de Goberno Local, que di que non se envían desde o mes de xuño.

O alcalde contesta que efectivamente había un retraso na publicación de actas de Plenos e que xa se deu orde para que se corrixa canto antes e se poña ao día. E sobre o tema do partidismo, pregunta a que se refiren en concreto, e a Sra. Bértoa responde que á nota sobre o Pleno da Moción de Censura, que parece que esta feita por alguén do Bloque. O alcalde resposta que de momento goberna o Bloque e Esquerda Unida e que, aínda tentando ser o máis obxectivo posible, cando se manda algo para a páxina, se poden cometer erros. Engade que se revisará.

-Pregunta ao Concelleiro de Cultura, Sr. Martínez Ardá, sobre os termos do contrato formalizado para a xestión da celebración do Entroido, e se van existir as dúas carpas que existían antes de que eles chegaran ao goberno, e se o persoal do Departamento de Cultura xa non vai ser necesario e non traballará ese día.

O concelleiro resposta que se sacou unha oferta a 12 empresas das que só 2 presentaron oferta, unha polo prezo máximo do prego e outra cunha rebaixa. Informa que as características serán as mesmas que as dos anos nos que o levan facendo eles. Indica que do persoal municipal só traballará unha persoa que será o enlace coa empresa, e que haberá unha única carpa.

-Pregunta á Concelleira de Seguridade, Sr. Permuy Meizoso, como vai organizar a Policía Local para o Entroido, para evitar incidentes. Informa que ultimamente están a ver a persoal dunha empresa privada conducir o camiión grúa do Concello. Pregunta se non existe dotación orzamentaria para que un traballador do Concello realice ese cambio, di que teñen varias propostas de traballadores municipais para ocupar ese posto e pregunta se xa examinaron os currícula.

-Pasouse aos servizos xurídicos municipais a proposta do PP para as prazas de Policía Local?

A Sra. Meizoso, en canto á proposta do PP sobre as prazas da Policía Local, di que o asesor do Concello está elaborando un informe con todas as propostas, e sobre o tema do camiión grúa di que non se propuxo a ninguén e que terá que mirar o que pasou porque non o sabe.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda comeza a súa rolda de rogos e preguntas:

-Pregunta cando se vai convocar a Comisión da auga e cando se vai dicir cantos membros corresponden a cada grupo. E dá os parabéns ao goberno por rectificar e ingresar na Asociación de Turismo, esquecendo as explicacións que considera rocambolescas.

-Pregunta por unha factura a unha empresa chamada Abertal Networks de 6534 euros en concepto de deseño de logotipos, que lles parece un importe elevado só para o deseño de logotipos. En relación a esta empresa, pregunta se coñecen a Manuel Pan.

-Á Concelleira de Medio Ambiente pregúntalle con que frecuencia teñen que retirarse as pilas que recollen os establecementos comerciais.

-Con respecto ao tema de chatarra, roga que cando se tomen decisións que afecten ao Concello e á veciñanza se lles informe cando menos Comisión ou en Xunta de Voceiros.

-Pregunta, de novo á Concelleira de Medio Ambiente, pola tala de árbores no cómaro de San Valentín. E sobre a tala de árbores no Río Cádavo no entorno do Eroski, solicita copia do permiso que dixo que tiña e pregunta de que data é.

C.I.  
F:  
P-  
150  
360  
0-G

-Roga que se defendan axeitadamente as reivindicacións dos veciños e veciñas de Santa Ana con respecto ás obras na estrada nacional, posto que as considera pouco axeitadas, e fai unha crítica das mesmas.

-Á Concelleira de Servizos pregúntalle se coñece o estado do Camiño do Castelo, en Limodre, e se ten prevista algunha actuación.

-Pregunta pola posibilidade de realizar unha pequena obra na Volta do Ramo, e indica que consultado cos veciños, están dispostos a ceder o terreo necesario para facela.

-Pregunta por que a Axenda do Concello deste ano 2018 non se contratou con ASPANEPS como se facía polo Concelleiro anterior.

-Pregunta se teñen pensado facer algo nos sumidoiros do Camiño de Almieiras que dan ao lugar do Souto, en Limodre, dado que teñen un problema similar ao que hai na Ribeira de Barallobre, co diferenza de que neste caso xa se sabe cal é causa e só falta tomar as medidas oportunas para corrixilo.

-Pregunta se xa se solucionaron todos os verquidos da Ribeira de Barallobre.

-Solicitan ter por escrito os gastos da Cabalgata de Reis doutros anos e deste ano.

-Pregunta se se ten previsto arranxar as pingueiras que se están a recoller en cubos de auga no Pavillón da Xunqueira.

-Ao Concelleiro de Urbanismo dirixe varias preguntas e pídelle concreción: pregunta por un problema de disciplina urbanística en Buio 1, outro en Travesa 26, e outro no cruce de Camiño da Vrea con Travesía do Catalán. Sobre as cesións das beirarrúas no Camiño do Carril, sobre a execución deficiente das obras dos desaugues dos pasos de peóns elevados na Avenida do Tarrío, e sobre a execución dunha sobras nas tubaxes do Río Cádavo na zona de Tarrío, quere saber de que tipo de obra se trata.

Por outra banda, con respecto á palabra "noxo" que utilizou con anterioridade, le a definición do dicionario e aclara que se referiu a sensacións e el ten e non as características de ningunha persoa. Dille á Sra. Permy que se se sentiu ofendida, non era a súa intención, e lle pide desculpas.

O concelleiro do grupo socialista, Joaquín Ayala, toma a palabra e relata as circunstancias dunha subvención de necesidades básicas pagadas en decembro de 2017 da convocatoria de 2015. Explica que se concedeu o 13 de xullo de 2015 e se xustificou pola persoa interesada o 15 de novembro de 2016, e que a concesión aprobouse o 24 de xullo de 2017. Indica que o informe de intervención alude ao retraso da persoa interesada pero tamén do retraso do departamento de Servizos Sociais. A este respecto, pregunta á Concelleira de Servizos Sociais se desde que tomou posesión do cargo fixo algunha reunión coas traballadoras para elaborar un protocolo para facer seguimento aos expedientes e axustar cada vez máis os tempos e non pasar dos tres meses que marca a lexislación.

Por outra banda, pregunta por un convenio de había coa Consellería de Sanidade no 2016 e 2015 en relación con condutas adictivas. Pregunta se ese convenio sufriu algunha modificación en canto á achega que fai cada Concello a este convenio, e solicita saber cantos usuarios, especificados por niveis educativos, se están a beneficiar en Fene deste programa para poder facer unha valoración de custo por usuario. Tamén quere saber se todos os niveis educativos de Fene están a participar nisto.

Roga á Concelleira de Benestar Social que mire tamén polo benestar dos concelleiros deste Pleno e que se acenda a calefacción durante as sesións plenarias.

A concelleira do grupo socialista, Amalia Balado, dirixe unha pregunta á Concelleira de Ensino, sobre o motivo polo que a ANPA do Colexio A Xunqueira renunciou á subvención nominativa.

O voceiro socialista intervén de novo e pregunta por unha acometida de auga que vai pagar un veciño e que vai dar servizo a varios, quere saber se teñen pensado algunha solución.

O alcalde comeza a respostar, e sobre a Comisión da Auga, lembra que comentou en Xunta de Voceiros que estaba pendente de recibirse un documento de AEOPAS que terían de devolver asinado,

e que tamén está pendente o informe sobre a composición da Comisión, e anuncia que o terán en breve. Explica que unha vez teñan todo iso terán que nomear cada grupo os seus representantes nesa Comisión.

O Voceiro do grupo socialista di que levan mes e medio para definir o número de representantes na Comisión, e que o compromiso adquirido polo Pleno era de convocala na primeira semana de febreiro, na que estamos. Pide unha data concreta e sinala que se o alcalde o pide ao técnico correspondente este ten que responder por Lei en 10 días e que, polo tanto, está nas súas mans.

O alcalde resposta que en canto o teñan lles será trasladado. Finalmente concreta que será a principios da semana que vén.

Sobre a factura a Abertal Networks, o alcalde informa que a factura corresponde a máis cousas e que se trata da empresa que levou a adxudicación do proxecto "Fene Mar Vivo". Encargouse das reunións no Concello, dominios, logotipos e o seu rexistro, etc. O Sr. Noceda solicita copia da factura e o alcalde acepta.

En canto á Oficina de Turismo, di que lle facilitará na seguinte Comisión a Información que comentou na anterior, solicitude de subvención por parte da Mancomunidade, etc.

A Concelleira de Servizos resposta á pregunta sobre a tala das árbores do cómaro de San Valentín, indicando que foi unha decisión que se tomou por seguridade a criterio do persoal do Concello. Relata que un dos días do temporal caeu unha árbore e lle deu a un coche e a outro estivo a punto.

Sobre o Camiño do Castelo, a Sra. Permuy di que si son conscientes de que está en mal estado e indica que xa se está mirando.

O Concelleiro de Urbanismo di que, sobre as obras, en breve haberá unha reunión para o POS+ 2019 e indica aos concelleiros que vaian pensando as obras que queren incluír. Sobre os verquidos, o Concelleiro informa que hai unhas casas que realizaban verquidos á antiga depuradora e socilitaron ao Concello a derivación ao saneamento municipal. Viaqua solicitoulles documentación que acredite que están dados de alta no saneamento, e en canto se teña, di o Concelleiro que se realizaran as conexións á rede xeral. O voceiro do grupo socialista pregunta pola previsión temporal e o alcalde resposta que a semana que vén.

Sobre os custos da Cabalgata de Reis, o Concelleiro informa que o prego marcaba 15.000 euros máis IVE e que a información desglosada a dará na seguinte Comisión.

Sobre ás preguntas sobre infraccións urbanísticas, resposta que o expediente de Buio ten informe técnico de 30 de novembro, e que está pendente de outro informe. O de Rúa Travesa di que está pendente de execución subsidiaria e o da Vrea irá despois. Engade que sobre as cesións do Carril non hai novidades, e que na obra do Tarrío xa se miraron as deficiencias e se subsanarán, pero que non se están desfecendo os pasos de peóns.

En canto ás pingueiras do Pavillón de A Xunqueira, o Concelleiro di que xa hai un informe por parte dos técnicos e que xa se pediu algún orzamento para amañalas.

Sobre o problema en Almieiras, resposta o alcalde que se trata do mesmo problema do ano pasado e que xa se requiriu a Geseco para que o amañe. O Concelleiro de Urbanismo sinala un desacordo entre a empresa e o Concello para ven que o ten que solucionar, pero que eles entenden que o ten que facer Geseco porque é quen fixo a obra.

O voceiro do grupo socialista roga que se lle dea solución canto antes.

En canto á tubaxe do Río Cádavo, o Concelleiro di que non ten constancia desa obra e que preguntará. O alcalde aclara que se trata dun mantemento por unhas filtracións. A concelleira de Servizos intervén e di que falou ela con Viaqua, que se trata dunha ruptura que se reparou e que tardaron sobre dúas horas.

A Concelleira de Medio Ambiente, sobre os permisos para talar as árbores na zona do Eroski, di que cando as árbores caen polo temporal non se precisa permiso para sacalos do río. En canto aos outros, indica que un estaba enriba do tellado do edificio do Concello no que hai un supermercado.



Aclara que no cauce do río non se pode talar ningunha árbore sen permiso, e fóra do cauce, tampouco se poden sacar se están catalogados. Di que os que se sacaron non o estaban. Aclara que falou con quen tiña que falar na Xunta para pedir os permisos oportunos e que lle dixeron que non facía falta, e que polo tanto non llos pode pasar por escrito.

A Concelleira de Benestar Social, Sra. Martínez, resposta, con respecto á renuncia á subvención nominativa, que preguntará mañá mesmo pola cuestión. Sobre o convenio con Sanidade, di que dará información detallada na seguinte Comisión. E en canto ao retraso nas contas xustificativas, indica que teñen reunións todos os venres, e que saben que van con retraso as contas xustificativas porque se priorizan as axudas de emerxencia social.

O Sr. Ayala aclara que a súa pregunta se refire a se estableceu algún protocolo de actuación e que entende que non é grave o das contas xustificativas pero si o que lle comentou na anterior Comisión dunha axuda para medicamentos que tardou un ano en darse. Engade que entende que é fundamental establecer protocolos de actuación para regular o traballo e non deixar os trámites en man da prioridade que as traballadores lles vaian dando. Roga que se faga ese protocolo.

En canto ao benestar dos concelleiros, a Concelleira de Benestar resposta que se acenderá a calefacción a próxima vez.

Sobre a contratación da axendas de 2018, o alcalde explica que este ano se pediu que se fixeran en galego e ASPANEPS non puido ofertar para facelas en galego, se lles ía moito o prezo. O Sr. Ayala informa que ASPANEPS se dirixiu a alguén do Concello no mes de outubro e que o 10 de novembro ofertaron por correo electrónico a 16 euros/unidade para 130 unidades, que non se lles respostou e volveron enviar un correo electrónico o 20 de novembro solicitando unha resposta e que non lles respostou. O alcalde engade que a información que acaba de dar é a que lle trasladou a persoa encargada de solicitar os orzamentos.

O Sr. Ayala pregunta por un asunto que falou con técnicos municipais para unha obra e o alcalde indica que está pendente de documentación do Rexistro da Propiedade.

O voceiro de Somos Fene, Sr. Rodríguez Bastida, intervén e pregunta se se van presentar orzamentos e se ten data para presentalos á oposición ou se vai seguir co mesmo ritmo do ano anterior.

O alcalde resposta que intentarán facelo canto antes.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 21.07 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas coe polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

C.I.  
F:  
P-  
150  
360  
0-G